

### Perdidos na galaxia

As mans suorentas dos dous tripulantes da nave aferrábanse con ansia ás pancas de mando. Perderan o control da velocidade e ían disparados! Por todas as fiestras da nave espacial, á dereita e á esquerda, por diante e por detrás, estrelas e planetas desfilaban sen descanso a unha velocidade de vertixe.

—Estoume mareando... —murmurou Iria.

—Aguanta! —animouna Pedro, o seu compañoiro de voo.

Tratando de seguir a recomendación de Pedro, Iria pechou os ollos. Aquela explosión constante de luz e cor volvíaa tola. Era como ter fogos de artificio dentro da cabeza!


Ao cabo dun anaco, unha exclamación angustiada de Pedro fixolle abrir de novo os ollos.

—Que? —preguntou Iria, ansiosa.

—Saímos do sistema solar! —exclamou Pedro, nervioso.

Iria atreveuse a mirar a través dos vidros e tivo que lle dar a razón. A nave, fóra de control, atravesara os límites do sistema solar e agora estaban perdidos na galaxia. Unha galaxia inmensa da que ninguén regresara xamais...

De súpeto, o ruído dunha sirena inundoulles o cerebro. A nave espacial detívose en seco e fíxoo cambalear. Iria e Pedro, un pouco pálidos pero cun sorriso de orella a orella, pediron a berros volver subir ao simulador de voo. Era a mellor atracción da festa!






#### 1 Risca a oración incorrecta de cada parella.

- Iria e Pedro fixeron unha viaxe real polo espazo.
- Iria e Pedro fixeron unha viaxe virtual polo espazo.
- Os dous rapaces eran tripulantes dunha nave espacial.
- Os dous rapaces eran pasaxeiros dunha nave espacial.
- A nave xiraba arredor dun planeta.
- A nave voaba veloz entre estrelas e planetas.
- A viaxe acabou cando se sentiu o ruído da sirena.
- A viaxe acabou cando a nave chegou ao seu destino.



- 2 Busca na lectura os nomes destes elementos do espazo e escríbeos.



- 3 Marca e explica.

■ Como é unha *velocidade de vertixe*?  Tan rápida que impresiona.  Tan lenta que relaxa.

■ Como se sentiu Iria durante a viaxe? \_\_\_\_\_ Por que? \_\_\_\_\_

■ Con que comparaba ela esa sensación? \_\_\_\_\_

- 4 Copia a oración substituíndo as palabras destacadas por outras de significado equivalente.



de golpe      lentamente

espertounos      abaneounos

■ A nave detívose **en seco** e **fíxoo cambalear**.

- 5 Razoa e explica.

■ Que é un simulador de voo? Para que se utiliza? \_\_\_\_\_

■ Como saíron Iria e Pedro do simulador? \_\_\_\_\_

■ Por que creis que querían volver subir? \_\_\_\_\_


# Os demostrativos e os posesivos

## LEMBRA


Os **demostrativos** identifican seres ou obxectos pola distancia á que se atopan, no espazo ou no tempo, con respecto á persoa que fala. Cando acompañan os substantivos, van no mesmo xénero e no mesmo número ca eles.

Os **posesivos** expresan que un ser ou obxecto pertence a alguén a quen chamamos posuidor. A forma dos posesivos indícanos se o posuidor é unha persoa ou son varias, e infórmanos de se se trata da persoa que fala, da que escuta, ou de alguén distinto de quen fala ou escuta. Cando acompañan os substantivos, os posesivos van no mesmo xénero e no mesmo número ca eles. Ademais, en galego adoitan ir precedidos do artigo.

- 1 Arrodea os posesivos que aparecen nestas oracións e clasifícalos na categoría que corresponda.



A miña amiga Rosa e mais eu preparamos xuntas a nosa viaxe ao espazo.



Onte Amelia e mais eu contemplamos a Lúa desde o seu telescopio.



A meu irmán moléstalle o ruído dos foguetes.



Esa constelación é luminosa porque as súas estrelas están próximas ao noso planeta.



Hoxe, na túa serie preferida, os marcianos despedían a súa nave espacial.



A vosa empresa usa a mellor tecnoloxía: o voso traxe espacial é o máis resistente.

Un posuidor

\_\_\_\_\_

Varios posuidores

\_\_\_\_\_

## GRAMÁTICA

- 2** Completa cada oco cun demostrativo que exprese a distancia que se indica. Fíxate no xénero e no número do substantivo e mantén a concordancia.

■ \_\_\_\_\_ (AFASTAMENTO) coche que está aparcado  
ao final da rúa é o noso.



■ \_\_\_\_\_ (AFASTAMENTO) dependenta díxonos que  
\_\_\_\_\_ (DISTANCIA MEDIA) camiseta estaba reservada.



■ \_\_\_\_\_ (DISTANCIA MEDIA) bolígrafo non escribe;  
proba con \_\_\_\_\_ (PROXIMIDADE).



■ Atopei \_\_\_\_\_ (PROXIMIDADE) pelota onda a cancha de tenis.

- 3** Completa o cadro coas formas dos demostrativos que escribiches na actividade anterior.

Singular		
	Masculino	Feminino
Proximidade	_____	_____
Distancia media	_____	_____
Afastamento	_____	_____

- 4** Completa as oracións escollendo en cada caso o posesivo ou o demostrativo axeitado.

aquela    esta

■ \_\_\_\_\_ bicicleta que tes aló no garaxe está avariada?

■ Os \_\_\_\_\_ patíns novos apértanme; vou ter que cambialos.    nosos    meus

isto    aquilo

■ \_\_\_\_\_ que nos explicou agora é moi interesante.

# Sílaba tónica e acento gráfico

## LEMBRA

As palabras están formadas por sílabas. A sílaba que se pronuncia con más intensidade nunha palabra é a **sílaba tónica**. As demais sílabas son átonas.

Nalgúnsas palabras, a sílaba tónica márcase cun signo denominado **acento gráfico**. O acento gráfico é unha raíña que se coloca enriba da vogal tónica.

Para determinar se unha palabra leva ou non acento gráfico, séguense unhas regras específicas.

- 1 Copia cada palabra separando as sílabas que a forman. Despois, arrodea a sílaba tónica.

■ pantalóns ► \_\_\_\_\_

■ ordenador ► \_\_\_\_\_


■ bolígrafo ► \_\_\_\_\_

■ cantimplora ► \_\_\_\_\_

■ anel ► \_\_\_\_\_

■ ecolóxico ► \_\_\_\_\_

- 2 Escribe os nomes onde corresponda. Ten en conta que cada casa é unha sílaba e que a casa sombreada representa a sílaba tónica.



--	--

--	--	--

		SEI	
--	--	-----	--

--	--	--	--

XO	A	NI	ÑA
----	---	----	----

		PÓ		
--	--	----	--	--

--	--



- 3 Escribe, en cada caso, unha palabra que cumpla as características que se indican.

■ Que a súa sílaba tónica sexa a última e que leve acento gráfico. ► \_\_\_\_\_

■ Que a súa sílaba tónica sexa a penúltima e que leve acento gráfico. ► \_\_\_\_\_

■ Que a súa sílaba tónica sexa a antepenúltima e que leve acento gráfico. ► \_\_\_\_\_

- 4 Escribe o nome dos elementos representados. Todos levan acento gráfico.



- 5 Reescribe as oracións coa palabra que corresponda. Fíxate na sílaba tónica.

■ Se algún día público / publico un libro, gustaríame ter moito público / publico .


■ Déronlle moito ánimo / animo e dixéronlle que mañá actuara / actuará moi ben.

■ Foi unha persoa célebre / celebre grazas ao seu descubrimento médico / medico .

■ Cando teléfono / telefono a Sabela, cálculo / calculo como mínimo unha hora de conversa.

- 6 Colócalles o acento gráfico ás palabras destacadas onde corresponda.

- Xulian trouxo o seu **parchis** para que **xogasemos**.
- Maña colleremos o **avion** para ir a **Paris**.
- O **autobus** da **excursion** **saiu** da escola ás sete da **maña**.
- O perfume de **Anxela** ten un olor **riquisimo**.
- A min, traballar con **Cesar** **resultame** moi **comodo**.
- A **Lua** é o **satelite** da Terra e describe unha **orbita** arredor do planeta.



# O espazo. Sentido literal e sentido figurado

- 1 Busca e arrodea sete palabras relacionadas co espazo nestas tiras de letras.

T E C O N S T E L A C I Ó N E T A B E H

E A S A T É L I T E U T P L A N E T A


F E S T R E L A X P C U A S T R Ó N O M O

T E L E S C O P I O N Ó M O C O M E T A E

- 2 Escribe cada palabra anterior onde corresponda.

- A. Aparello que permite observar os astros más afastados. ► \_\_\_\_\_
- B. Astro que emite luz e calor. ► \_\_\_\_\_
- C. Agrupación de estrelas próximas que forman unha figura. ► \_\_\_\_\_
- D. Corpo celeste que xira arredor doutro máis grande. ► \_\_\_\_\_
- E. Astro do sistema solar que ten unha cola longa e luminosa. ► \_\_\_\_\_
- F. Persoa que estuda os astros e os fenómenos do universo. ► \_\_\_\_\_
- G. Astro que non ten luz propia, coma este en que habitamos. ► \_\_\_\_\_

- 3 Identifica na imaxe cada un dos elementos anteriores coa letra correspondente.



## VOCABULARIO

4 Clasifica estas palabras nas categorías propostas.

cosmonauta • meteorito • foguete • nave • galaxia  
tripulante • asteroide • transbordador • astronauta

Son persoas



Son vehículos



Son elementos do universo



5 Marca a oración de cada parella en que a palabra destacada se utiliza cun sentido figurado.

- Antes fá **sol**, pero agora está nubrado e vai frío.
- Meu irmán é un **sol**: sempre me axuda a facer os deberes.
- A Luís todo lle sae ben; naceu con boa **estrela**.
- Coa axuda do telescopio, puidemos ver unha **estrela** fugaz.
- A nave **atravesa** o espazo a toda velocidade.
- Baixaron as vendas e a empresa **atravesa** un mal momento.
- Os ordenadores e a internet ofréccennos un **mundo** de posibilidades.
- Gustaría ser astronauta e contemplar o noso **mundo** desde o espazo.



6 Relaciona cada palabra da actividade anterior co seu sentido figurado.

sol

Pasar por unhas circunstancias determinadas.

estrela

Persoa encantadora, que ten un carácter agradable.

atravesar

Gran cantidad de algo.

mundo

Destino, sorte.

# Actividades de repaso

- 1** Arrodea o demostrativo de cada oración e indica que distancia expresa.



■ Estes extraterrestres saúdan contentos desde Marte.

► \_\_\_\_\_

■ Aquel astro que descubriron tiña moitos cráteres.



■ Esa nave en que viaxaremos está equipada á última.



► \_\_\_\_\_

- 2** Volve escribir cada grupo de palabras substituíndo o fragmento destacado por un posesivo.

- O can **que** o guía ► \_\_\_\_\_
- A viaxe **que** fixestes ► \_\_\_\_\_
- O libro **que** merquei ► \_\_\_\_\_
- O colexio **onde** estudas ► \_\_\_\_\_
- Os amigos **que** fixemos ► \_\_\_\_\_
- O curmán **de** Laura e Sara ► \_\_\_\_\_



- 3** Completa cada palabra coa vogal axeitada.

Á  
É  
E  
Í  
Ó  
O  
Ú



M \_\_\_\_ MIA



SAT \_\_\_\_ LITE



CAMALE \_\_\_\_ N



BAILAR \_\_\_\_ N



C \_\_\_\_ RVO

### A erupción do Vesubio


Corría o ano 79 da nosa era e os ciudadáns de Pompeia non podían nin sospeitar o que estaba a punto de ocorrer. Aínda que había días que a terra tremía, os habitantes da cidade romana continuaban coas súas vidas con total normalidade.

Na mañá do 24 de agosto, con todo, eran moitos os sinais que anunciaban a traxedia. Os paxaros non piaban, os cans ouveaban sen motivo, os cabalos rinchaban nerviosos...

De súpeto, o Vesubio ceibou un terrible bramido e lanzou ao ceo unha inmensa columna de fume e lume. Unha chuvia de cinza e de pedras volcánicas comezou a caer sobre os habitantes e o ceo escureceu coma se fosse noite.

Seguramente foron moitas as persoas que tiveron tempo de fuxir da cidade. Outras, en cambio, intentaron regresar ás súas casas para reunirse coas súas familias ou rescatar as súas posesións más valiosas. A estas, o torrente de lava que asolagou a cidade soterrounas antes de que tivesen tempo de se decataren. Pompeia foi borrada do mapa en cuestión de minutos.

Moitos anos despois, en 1748, os arqueólogos comenzaron a sacar á luz aquela cidade esquecida. Magnificamente conservada baixo o manto de cinzas que a cubría, Pompeia ofrécenos agora a posibilidade de coñecer de primeira man unha cidade romana do século I. Visitala constitúe unha experiencia inesquecible!



**1** Arrodea a opción correcta. Que narra o texto anterior?

feitos reais

feitos marabillosos

feitos imposibles

**2** Marca a resposta correcta. Cal é o tema principal do texto?

- A vida cotiá nunha cidade romana do século I.
- As consecuencias da erupción dun volcán para unha cidade romana.
- O descubrimento das ruínas dunha cidade romana.

## 3 Explica.

- O 24 de agosto, que sinais anunciaron que estaba a punto de acontecer algo? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_



- Que outro sinal levaba días presaxiando a traxedia? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

- Os habitantes de Pompeia sospitaban o que ía pasar? Como actuaron? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

## 4 Numera as escenas segundo a orde en que sucederon os feitos e completa as oracións con palabras da lectura.



Primeiro, o volcán ceibou \_\_\_\_\_ e lanzou ao ceo \_\_\_\_\_. Despois, caeu unha chuvia de \_\_\_\_\_. Finalmente, un torrente de \_\_\_\_\_ asolagou a cidade.

## 5 Risca en cada caso o significado que non se corresponde coa expresión destacada.

desapareceu

foi abandonada

- Pompeia foi borrada do mapa.

- Os arqueólogos comenzaron a **sacar á luz** a cidade.

desenterrar

iluminar

## 6 Busca o ano de cada acontecemento na lectura e escríbeo xunto co século correspondente.

Desaparición  
de Pompeia

- Ano \_\_\_\_\_

- Século \_\_\_\_\_

Recuperación  
de Pompeia

- Ano \_\_\_\_\_

- Século \_\_\_\_\_

# Os numerais e os indefinidos

## LEMBRA

Os **numerais** expresan cantidade ou orde de forma precisa. Poden ser de dous tipos: cardinais e ordinais. Os **cardinais** expresan unha cantidade exacta. Os **ordinais** indican a posición dun ser ou obxecto dentro dun conxunto ordenado.

Os **indefinidos** expresan cantidade dun xeito inexacto. Tamén serven para identificar a alguén de maneira imprecisa. Hainos variables e invariables.


- 1 Arrodea os numerais que atopes no seguinte texto.

### Unha excursión moi desexada

Mañá vou subir por primeira vez ao monte Aloia co meu avó. Xa hai tempo que tiña ganas de facelo e, cando el o soubo, díxome:

—Por que non mo comentaches antes? Eu subín ao monte polo menos trinta veces! Ninguén mellor ca min para ensinarcho!

Como esta é a segunda ocasión en que preparamo a mochila para facer montañismo, xa sei más ou menos o que preciso. Metín unha cantimplora, un compás, dúas lanternas, catro bocadillos e bastante auga. Xa faltan poucas horas para o gran día. Que nervios! Seguro que desde alí arriba a paisaxe é preciosa!



- 2 Clasifica os numerais que arrodeaches na actividade anterior en cardinais e ordinais.

Cardinais

\_\_\_\_\_

Ordinais

\_\_\_\_\_

- 3 Utiliza numerais para expresar o que se indica en cada caso.

- |                |   |       |              |   |       |
|----------------|---|-------|--------------|---|-------|
| ■ 8.º piso     | ► | _____ | ■ 22 anos    | ► | _____ |
| ■ 40 persoas   | ► | _____ | ■ 11.ª vez   | ► | _____ |
| ■ 50.ª edición | ► | _____ | ■ 87 páxinas | ► | _____ |

- 4 Escribe unha oración con cada un destes catro grupos de palabras.

- |                  |                     |               |                         |
|------------------|---------------------|---------------|-------------------------|
| ■ tres capítulos | ■ terceiro capítulo | ■ trinta anos | ■ trixésimo aniversario |
|------------------|---------------------|---------------|-------------------------|

**5** Completa o texto empregando en cada caso o indefinido axeitado.

varios • todos • nada • algumas • calquera • moita • ninguén

### Un explorador valente

O tío de Martiño é un explorador moi intrépido.

Xa estivo en \_\_\_\_\_ os continentes,  
 ascendeu \_\_\_\_\_ das cúspides más altas  
 do planeta e navegou por \_\_\_\_\_ mares  
 e océanos. A el non o asustan nin as selvas  
 con \_\_\_\_\_ vexetación nin os desertos onde non habita \_\_\_\_\_.  
 \_\_\_\_\_ lle mete medo e está disposto a emprender \_\_\_\_\_ aventura!



**6** Subliña o indefinido que aparece en cada oración e marca a categoría a que pertence.

Variable

Invariable

- Nesa sala do edificio non deixan entrar a ninguén.
- Algúns veciños erguérónse ao oír o ruído.
- Case non falamos porque levaba moita presa.
- Cando está concentrada non se distrae con nada.
- Tróuxonos uns repolos da súa horta.

**7** Completa cada oco cun numeral cardinal, cun numeral ordinal ou cun indefinido.

- Non sei exactamente que número de persoas asistiron; só sei que eran \_\_\_\_\_.
- Había \_\_\_\_\_ premios e a el concedéronlle o \_\_\_\_\_.
- O piso que alugou Mateo está na \_\_\_\_\_ planta e ten \_\_\_\_\_ cuartos e \_\_\_\_\_ baños.
- Teño que mercar ovos porque quedan \_\_\_\_\_.
- A nadadora bateu a marca \_\_\_\_\_ veces; este é o \_\_\_\_\_ intento.
- Non sei que lle pasaba, pero o xesto que fixo non me gustou \_\_\_\_\_.

# Normas de acentuación

## LEMBRA

- As **palabras agudas** son as que teñen a última sílaba tónica. Levan acento gráfico cando rematan en *vocal*, en *vocal + -n*, en *vocal + -s* ou en *vocal + -ns*. Non se acentúan cando son monosílabas, cando rematan en ditongo decrecente, seguido ou non de *-n* ou *-s*, e tampouco cando rematan nunha consoante distinta de *-n* ou *-s*.
- As **palabras graves** son as que teñen a penúltima sílaba tónica. Levan acento gráfico cando rematan en consoante distinta de *-n* ou *-s*, ou en grupos consonánticos distintos de *-ns*. Tamén se acentúan cando rematan en ditongo decrecente, seguido ou non de *-n* ou *-s*.
- As **palabras esdrúxulas** teñen a antepenúltima sílaba tónica e levan acento gráfico sempre.

1 Subliña as palabras seguindo o código de cores e arrodea a sílaba tónica de cada unha.

aguda

grave

esdrúxula

■ parasito

■ lei

■ espátula

■ xersei

■ nécora

■ crocodilo

■ trevo

■ electrónica

■ convoi

■ martelo

■ Bárbara

■ colchón

2 Localiza na sopa de letras os nomes dos elementos representados. Tres deles son palabras agudas e tres son palabras graves.



C	A	S	T	E	L	O	T
E	V	I	U	L	F	I	E
L	C	E	S	T	O	L	L
E	Z	X	O	V	C	E	E
X	A	B	Ó	N	O	I	V
I	Q	O	Ú	P	A	L	I
S	A	U	T	O	B	Ú	S
O	C	A	N	G	U	R	O
R	T	P	A	L	A	U	R



**3** Completa o cadro e responde as preguntas que figuran a continuación.

	andar	varrer	partir
Eu	<i>andase</i>		
Ti		<i>varreses</i>	
Ei / Ela			<i>partise</i>
Nós	<i>andásemos</i>		
Vós		<i>varrésedes</i>	
Eles / Elas			<i>partisen</i>

- Como son esas formas verbais: agudas, graves ou esdrúxulas? \_\_\_\_\_
- Que formas levan acento gráfico? \_\_\_\_\_
- Por que se acentúan graficamente esas palabras? \_\_\_\_\_
- Por que non se acentúan as outras formas? \_\_\_\_\_


**4** Riscalas as palabras que non sexan graves.



- |                |           |              |             |
|----------------|-----------|--------------|-------------|
| ■ lámpada      | ■ ciencia | ■ ambulancia | ■ colonia   |
| ■ farmacéutica | ■ remedio | ■ actual     | ■ álbum     |
| ■ egua         | ■ caravel | ■ áxil       | ■ magnífico |

**5** Ponllas o acento gráfico ás palabras que o precisen.

- Cando iras a Exipto visitar as piramides?
- Xose recibira maña o seu novo teléfono mobil.
- Monica estuda musica e toca o violin.
- A semana proxima a libraria pechara por vacacion.
- Queriamos ver a película pero fixosenos tarde.
- Anxela dixo que viu un paxaro nunha arbore do xardin.



# A Terra. O campo léxico


1 Relaciona cada elemento numerado da imaxe co seu nome.



- 7 mar
- 8 cabo
- 9 golfo
- 10 península
- 11 continente
- 12 illa
- 13 arquipélago
- 14 oceáno

2 Completa as oracións coas palabras da actividade anterior.

- As illas Cíes forman un \_\_\_\_\_ situado na ría de Vigo.
- A costa lucense está bañada polo \_\_\_\_\_ Cantábrico.
- O \_\_\_\_\_ de Biscaia chega ata o \_\_\_\_\_ Ortegal.
- Gran Bretaña é a \_\_\_\_\_ más grande de Europa.
- O \_\_\_\_\_ Atlántico separa o \_\_\_\_\_ americano de Europa e África.
- Estaca de Bares é o punto máis setentrional da \_\_\_\_\_ ibérica.



3 Elixe e copia onde corresponda os nomes dos obxectos que serven para orientarse.


plano • metro • navegador GPS • báscula • cámara • mapa • compás



## VOCABULARIO


4 Risca a palabra intrusa de cada grupo.

**Deserto**



beduíno      oasis      camelo  
tucano      duna

**Polo**



iceberg      hiena      iglú  
esquimó      oso polar

**Selva**



rio      liana      cabana  
xaguar      foca

5 Explica por que non encaixaban estes animais nos grupos anteriores.

■ O \_\_\_\_\_ non vive no \_\_\_\_\_, vive na \_\_\_\_\_.



■ \_\_\_\_\_

■ \_\_\_\_\_



6 Arrodea e clasifica as doce palabras que forman parte do campo léxico do mar.

- |            |            |             |           |          |
|------------|------------|-------------|-----------|----------|
| ■ praia    | ■ neve     | ■ aeroporto | ■ navegar | ■ polbo  |
| ■ herba    | ■ pescador | ■ nadar     | ■ litoral | ■ oasis  |
| ■ balea    | ■ aguia    | ■ escalar   | ■ bañista | ■ pescar |
| ■ mariñero | ■ rúa      | ■ nécora    | ■ podar   | ■ porto  |

Persoas	Accións	Animais	Lugares
_____	_____	_____	_____

- 1** Fíxate no personaxe e inventa os datos que faltan para completar a ficha.



**Personaxe:** Sara Castro, fotógrafa da revista *Verdegaia*. É aventureira e moi observadora.

**Lugar:** o Bosque Encantado, preto da serra Xeada, onde hai moitos animais salvaxes.

**Tempo:** unha fría mañá de xaneiro.

- Por que foi ao bosque? \_\_\_\_\_
  - Con que problema se atopou? \_\_\_\_\_
  - Que fixo para solucionalo? \_\_\_\_\_
  - Como acabou todo? \_\_\_\_\_

- 2** A partir dos datos anteriores, escribe o argumento do conto. Non esquezas poñerlle un título.

## Título

# Actividades de repaso

- 1** Escribe en cada caso un numeral que exprese o que se indica. Despois, arrodea de azul os numerais cardinais e de vermello os numerais ordinais.

■ 13.<sup>º</sup> ▶ \_\_\_\_\_

■ 18 ▶ \_\_\_\_\_

■ 82 ▶ \_\_\_\_\_

■ 27.<sup>a</sup> ▶ \_\_\_\_\_

- 2** Completa os ocos das seguintes oracións con indefinidos.

■ Mandeilles mensaxes a todos, pero só contestaron \_\_\_\_\_ persoas.

■ Tardei \_\_\_\_\_ tempo en rematar o traballo.

■ Sabes \_\_\_\_\_ de Xoán? Hai tempo que non o vexo.

■ Hoxe a temperatura é agradable: nin vai \_\_\_\_\_ frío, nin \_\_\_\_\_ calor.

- 3** Copia as oracións substituíndo os debuxos por palabras e fíxate en se deben levar acento gráfico.

■ Que che gusta máis, o  ou a  ?

■ O  de meu irmán tiña cobertura dentro do .

■ De sobremesa, Iria tomou unha  e Adela, un .

- 4** Risca a palabra que sobra en cada campo léxico e escribe outra que pertenza a el.

O comercio ➤ pagar • vendedor • diñeiro • escola • barato • \_\_\_\_\_

A saúde ➤ médico • recibir • san • xuíz • xarope • \_\_\_\_\_

A música ➤ concerto • rosa • sinfonía • frauta • melodioso • \_\_\_\_\_

### Recordos da montaña

David comezou o día de bo humor, encantado de saír ao campo coas súas curmás. Con Sara, en realidade, porque Tamara era aínda un chícharo de cinco anos...

Pero conforme transcorría o día, ía estando menos contento. É máis, começaba a arrepentirse de saír da casa. O camiño era costento, ía unha calor terrible e devecían por chegar ao lugar onde, segundo o mapa, había unha fonte e unha zona de pícnic. Pero Tamara camiñaba a cámara lenta, cada vez máis amodo. Os adultos intentaran resolvelo levándoa no colo por quendas, pero ao final desistiran: a criatura pesaba demasiado!

Intentárono todo para que a cativa se animase: inventaran xogos, cantaran cancións absurdas, contaran chistes... Tamara xogaba, cantaba e ría, pero non aceleraba o paso. Máis ben ao contrario: camiñaba cada vez más devagar!

Nunha costa especialmente empinada, David observou que Tamara estaba a punto de caer de costas. Deulle co cóbado a Sara e preguntou:

—E esta rapaza por que está tan inchada?

Sara cravou a vista en Tamara, soltou un berro e abalanzouse sobre ela. Ante a mirada incrédula dos demás, sacou dos petos da nena tal cantidad de pedras que serían suficientes para encher un saco. Tamara, entre laios, protestou enerxicamente:

—Son recordos da montaña, sabedes?



#### 1 Responde estas preguntas sobre o texto.

- Que personaxes se mencionan? \_\_\_\_\_
- Que relación existe entre eles? \_\_\_\_\_
- Que estaban a facer ese día? \_\_\_\_\_
- Como ía a excursión? Por que? \_\_\_\_\_

2 Substitúe as palabras destacadas polas expresións do texto que transmiten o mesmo.

- Tamara era **moi pequena**. ➤ \_\_\_\_\_
- Tamara camiñaba **moi amodo**. ➤ \_\_\_\_\_

3 Risca a imaxe que non representa ningunha escena da historia que liches.



4 Explica que ocorre nas escenas que non riscaches na actividade anterior.

---



---

5 Le o texto do globo e resolve as seguintes cuestiós.

- Quen o di? \_\_\_\_\_
- Cando o di? \_\_\_\_\_

Son recordos  
da montaña,  
sabedes?

- Arrodea. A que recordos se refire a rapaza?



- Marca. Que significado ten a palabra *recordos* no título e no texto?

Vivencias e pensamentos que se gardan na memoria.

Obxecto que serve para recordar un lugar, unha persoa...

Saúdos que se lle dan a alguén para que llos transmita a outra persoa.

6 Explica. Gústache gardar algún recordo dos lugares que visitas? Por que?

---



---

# O adxectivo: graos

## LEMBRA

Os **adxectivos** expresan calidades ou estados e van no mesmo xénero e no mesmo número ca o substantivo que acompañan. Os adxectivos que teñen formas distintas para o masculino e para o feminino son **variables**; os que só teñen unha forma son **invariables**.

O adxectivo ten tres graos: **positivo**, **comparativo** e **superlativo**. O grao comparativo pode ser de inferioridade, de igualdade ou de superioridade.

- 1 Risca o adxectivo invariable de cada parella..

veloz

rápido


dourado

brillante

terrible

espantoso

- 2 Arrodea os adxectivos que hai no texto desta postal e subliña os substantivos a que se refiren. Despois, clasifica eses adxectivos segundo o grao que expresan.



Grao positivo

\_\_\_\_\_

Grao comparativo

\_\_\_\_\_

Grao superlativo

\_\_\_\_\_


**3** Marca. De que tipo é cada comparación?

	Inferioridade	Igualdade	Superioridade
■ O meu xersei é más groso ca o seu.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
■ O fillo é menos delgado ca o pai.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
■ Quero un bocadillo tan grande coma o teu.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
■ Hoxe a empanada saíume menos boa ca onte.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
■ Gustaríame ser tan valente coma ti.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
■ O cabelo de Ana é más crecho ca o meu.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

**4** Escribe tres oracións en que compares estas dúas paisaxes. Podes usar algúns destes adxectivos.



cálido  
frío  
solitario  
húmido  
chairo



- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_

**5** Transforma estes grupos de palabras poñendo os adxectivos en grao superlativo.

- unha planta verde ➤ unha planta verdísima, moi verde, ben verde



- un can pequeno ➤ \_\_\_\_\_



- uns pantalóns curtos ➤ \_\_\_\_\_



- un vestido fresco ➤ \_\_\_\_\_



# Acentuación de ditongos e hiatos

## LEMBRA

- Un **ditongo** é a unión de dúas vogais nunha mesma sílaba. Para que se produza, unha das vogais ten que ser pechada (*i, u*) e átona. As palabras con ditongo seguen as regras xerais de acentuación e, se teñen que levar acento gráfico, este colócase sobre a vogal aberta (*a, e, o*).
- Un **hiato** é a presenza de dúas vogais seguidas que pertencen a sílabas distintas. As palabras con hiato seguen as normas xerais de acentuación, excepto no caso dos hiatos formados por unha vogal tónica pechada (*i, u*) e unha vogal átona aberta (*a, e, o*), que levan sempre acento gráfico sobre a vogal pechada.

1 Subliña as palabras con ditongo dos seguintes textos e arrodea as que teñan hiatos.

### Reunión de veciños do barrio da Moeda Vella

Os veciños do barrio, situado na zona oeste da vila, van celebrar unha xuntanza para organizar a festa de outubro. Planean que haxa sorteos, campionatos deportivos con trofeos para os premiados, certames poéticos, actos culturais, etc. Tamén queren traer un persoeiro para que actúe como pregoeiro.



### Un restaurante local gaña o concurso de tapas

Iago, o propietario do mesón O Limoeiro, foi galardoado o pasado día dezaseis co primeiro premio no concurso de tapas da localidade. Os petiscos seleccionados foron unha porción de pan de centeo caseiro con carne de coello e queixo, e unha filloa con crema fría de améndoas e cacao. Parabéns!



2 Copia onde corresponda as palabras que subliñaches e arrodeaches na actividade anterior.

Agudas

\_\_\_\_\_

Graves

\_\_\_\_\_

Esdrúxulas

\_\_\_\_\_

3 Arrodea a palabra de cada parella que teña un hiato e colócalles acento gráfico ás que o precisen.

faisca

faisan

adoito

acotío

saudo

saudable

bruio

residuo

baul

bautizo

roido

roibo

4 Escribe unha oración co nome de cada elemento representado. Todos conteñen un ditongo.



\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_



\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

5 Separa estas palabras en sílabas e ponllas acento gráfico ás que o precisen. Despois, clasífiacas nas categorías propostas.

■ nucleo

► nú-cle-o

■ troita

► \_\_\_\_\_

■ nautico

► \_\_\_\_\_

■ egoista

► \_\_\_\_\_

■ arqueologo

► \_\_\_\_\_

■ alivio

► \_\_\_\_\_

■ ancian

► \_\_\_\_\_

■ ointe

► \_\_\_\_\_

### Teñen ditongo

---



---



---



---

### Teñen hiato

núcleo

---




---



---

# O relevo. Familia de palabras


1 Eixe e escribe o nome correcto de cada lugar.




Lago  
ou  
encoro?



Chaira  
ou  
val?



Canón  
ou  
acantilado?



Depresión  
ou  
camiño?

2 Completa seguindo o código e descubrirás outros accidentes do relevo.


▲ ► a

\* ► e

+ ► i

● ► o


► u



v ● lc ▲ n



● ▢ t \* + r ●



f \* rv \* nz ▲




pr \* c + p + c + ●




s + m ▲



p \* n \* d ●




f ▢ rn ▲



s \* rr ▲

**3** Observa e completa o texto cos substantivos propostos.

cova • cabana  
costa • ponte  
sendeiro • fonte  
río • lago



Marcos saíu da \_\_\_\_\_ e seguiu o \_\_\_\_\_. Cando chegou á \_\_\_\_\_, andou cara ao \_\_\_\_\_ e cruzou pola \_\_\_\_\_. A continuación bordeou o \_\_\_\_\_ e, despois de subir unha \_\_\_\_\_, atopou por fin a \_\_\_\_\_ que quería explorar.

**4** Relaciona cada palabra da familia de *montaña* coa súa definición.

- |              |   |
|--------------|---|
| montañero ■  | ■ Deporte que consiste en escalar montañas ou ascender a pé por elas. |
| montañés ■   | ■ Con moitas montañas.  |
| montañismo ■ | ■ Que vive na montaña.  |
| montañoso ■  | ■ Persoa que practica o montañismo.                                   |

**5** Agrupa as palabras que pertenecen á mesma familia e escríbeas onde corresponda.

- |             |           |         |             |           |             |
|-------------|-----------|---------|-------------|-----------|-------------|
| ■ mar       | ■ area    | ■ pedra | ■ areoso    | ■ marusía | ■ empedrado |
| ■ mariñeiro | ■ pedrada | ■ areal | ■ pedregoso | ■ areento | ■ mariñán   |



\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

# Actividades de repaso


- 1** Escribe os adjetivos no grao que se indica. Presta atención á concordancia cos substantivos.



■ Xosé é (alto) \_\_\_\_\_ Miguel, pero  
comparativo de igualdade

os dous son (alto) \_\_\_\_\_ Sofía.  
comparativo de inferioridade

■ Ana é (roxo) \_\_\_\_\_ e Xoán é (rubio) \_\_\_\_\_,  
positivo positivo  
pero o seu fillo ten os cabelos (negro) \_\_\_\_\_.  
superlativo



■ Ti tes unha letra (grande) \_\_\_\_\_ a miña;  
comparativo de superioridade  
de feito, a túa letra é (grande) \_\_\_\_\_.  
superlativo

- 2** Arrodea as palabras que teñan ditongos e subliña as que teñan hiatos. Despois, ponllas acento gráfico ás que o precisen.

■ peon	■ decision	■ xoaniña	■ Xoan	■ coidar
■ influir	■ egua	■ miradoiro	■ libraria	■ dezaseis
■ loita	■ aereo	■ aluvion	■ caldeiro	■ horreo

- 3** Agrupa as palabras que pertenecen á mesma familia e cópialas onde corresponda.


cabra • branco • tambor • tamboril • brancor • cabrito • branquear  
brancura • tamborilar • cabreiro • tamborileiro • cabriteiro



► \_\_\_\_\_



► \_\_\_\_\_



# O verbo (I)

## LEMBRA

Os **verbos** expresan accións ou estados. O conxunto das formas dun verbo forman a súa conxugación. Dependendo de se o infinitivo remata en **-ar**, en **-er** ou en **-ir**, o verbo pertence á **1.ª**, á **2.ª** ou á **3.ª conxugación**, respectivamente.


As formas verbais constan de **raíz** e **desinencia**. Teñen **número**, pois poden estar en singular ou en plural, e tamén poden estar en primeira, segunda ou terceira **persoa**.

As formas non persoais do verbo son o **infinitivo**, o **xerundio** e o **participio**.

- 1 Subliña as formas verbais do texto do globo coa cor que corresponda.

formas en singular

formas en plural



Mañá o tempo será inestable.  
Pola mañá teremos chuvascos  
e o vento soprará do norte.  
Pola tarde lucirá o sol e o ceo estará  
despexado. Pola noite, en cambio,  
volverán as nubes e as precipitacións,  
que nalgunhas zonas caerán  
en forma de sarabia.  
Isto é todo. Que pasen boa noite.

- 2 Risca, en cada caso, a forma que resulta incorrecta por causa do número.



■ Nesta praia o vento sempre **sopra** **sopran** con forza;  
por iso os surfistas **vén** **veñen** moi a miúdo.

■ Os meteorólogos **anuncia** **anuncian** que a próxima  
primavera **será** **serán** moi chuviosa.



## GRAMÁTICA

**3** Escribe en cada caso un pronome axeitado e indica a persoa e o número do verbo.

- Eu escoito música. ➤ 1.ª persoa de singular do verbo escoitar.
- \_\_\_\_\_ é de Lugo. ➤ \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_ queremos auga. ➤ \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_ non virán. ➤ \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_ víchelos alí? ➤ \_\_\_\_\_

**4** Marca, en cada caso, a separación correcta de raíz e desinencias.

pensamos

sufrirán

saberedes

saía

 pen + samos sufr + irán saber + edes sa + ía pens + amos sufrir + án sab + eredes saí + a

**5** Escribe todas as formas verbais que poidas unindo as raíces e as desinencias.

cant- • varr- • part- • medr-

-aba • -iches • -ei • -amos

**6** Completa cunha forma non persoal e indica se é un infinitivo, un xerundio ou un participio.

■ Os bebés pasan moitas horas ao día \_\_\_\_\_.



➤ É un \_\_\_\_\_.



■ Oxalá parase xa de \_\_\_\_\_!

➤ \_\_\_\_\_.

■ Unha vez \_\_\_\_\_ a sobremesa, pediu un café.



➤ \_\_\_\_\_.

# O acento diacrítico

## LEMBRA

O **acento diacrítico** úsase para diferenciar palabras que se escriben igual, pero que teñen significados distintos.

Moitas veces estes pares de palabras diferéncianse, ademais, pola súa pronuncia. Na maioría dos casos, o acento diacrítico marca que a vogal tónica sobre a que recae ten unha pronuncia aberta, fronte á vogal tónica da palabra que non leva acento, que ten unha pronuncia pechada.

- 1 Volve escribir as oracións colocándolle o acento diacrítico ás palabras destacadas que o precisen.

■ Pola rúa adiante hai unha ringleira de árbores de **polas** baixas.

---

■ O paxaro ten unha **das as** ferida e non **da** voadoo.

---

■ Ese **te** inglés trouxérao cando **fora a** Londres, non **te** lembras?

---


■ Luís sempre leva dobre **no nos** amallós dos zapatos.

---

■ Tes que **por mais** atención: **por** andar **as presas**, sempre **te** equivocas.

---

- 2 Arrodea en cada caso o nome correcto do elemento representado.




bolas / bólás



óso / oso



pola / póla



chá / cha

**3** Completa as seguintes oracións con palabras que levan acento diacrítico.



- Xogando ao baloncesto, caín e manqueime no cóbado  
e no \_\_\_\_\_ esquierdo.
- Falamos mañá, que agora levo \_\_\_\_\_.
- \_\_\_\_\_ con \_\_\_\_\_ ao cine?
- Acabáronse os cogomelos; \_\_\_\_\_ traer más.



**4** Copia as oracións elixindo en cada caso a opción axeitada de cada parella.

- Non **vés / ves** quen **vén / ven** **pór / por** alí? **É / E** teu irmán!
- 

- Ó / O panadeiro sempre **nós / nos** deixa unha **bóla / bola** **nó / no** portal de **fóra / fora**.
- 

- O slogan publicitario **dá / da** súa tenda é / e: «Cómpre / Compre **máis / mais** é / e mellor».
- 

- Sempre me **dá / da** escusas **más / mas**, **máis / mais** non llo tomo a mal.
- 

- Se **vés / ves** con **nós / nos** xa **vés / ves** a Pedro, porque el hoxe non **vén / ven** **pór / por** aquí.
- 

**5** Clasifica as seguintes palabras segundo a categoría a que pertenzan.

dó	ven	ás
por	nó	dá
sé	a	so

Substantivos	Preposicións	Imperativos
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

# O tempo. Palabras primitivas e palabras derivadas

1 Arrodea de azul os elementos relacionados coa chuva e de vermello os relacionados co vento.

- chuvasco
- brisa
- orballo
- furacán
- ciclón
- auganeve

2 Ordena as sílabas e descubrirás un sinónimo de cada palabra proposta.

ra viei chu

lós go tre

mi cal zo

dra zo pe



chuvasco ► \_\_\_\_\_



sarabia ► \_\_\_\_\_



bochorno ► \_\_\_\_\_



relambo ► \_\_\_\_\_

3 Distribúe as seguintes palabras en dous grupos, segundo conteñan a idea de frío ou a de calor.

ardente

fresco

cálido

conxelado


glacial

tórrido

xélico

abrasador

4 Relaciona cada fenómeno ou estado co símbolo que o representa.



## VOCABULARIO

**5** Arrodea a palabra que se axusta a cada definición.

- Parar de chover. ► escampar diluviar ventar
- Pequena porción de auga xeada que cae cando neva. ► fungalla gota folerpa
- Auga conxelada que cae en forma de gran. ► borrasca vapor sarabia
- Humidade do aire que, co frío da noite, se condensa e se deposita en pingas pequenas. ► néboa resío chuvia
- Tempestade violenta, con ventos moi fortes e arremuiñados, que causa grandes desastres. ► trono brisa tornado

**6** Completa cada oración cun substantivo feminino derivado do verbo proposto.

**sarabiar** A \_\_\_\_\_ sarabiada \_\_\_\_\_ foi tan forte que abolou o coche de meu pai.

**xear** A \_\_\_\_\_ desta noite queimoume as plantas do balcón.

**tronar** A vila quedou sen electricidade a causa da \_\_\_\_\_.

**nevar** Aquela \_\_\_\_\_ tan intensa impediu que fósemos á escola.

**mollar** Chovía moito e non tiña paraugas. Que \_\_\_\_\_ pillei!

**7** Escribe a palabra primitiva a partir da cal se formou cada unha destas palabras derivadas.

- |                    |                     |
|--------------------|---------------------|
| ■ chuvioso ► _____ | ■ clarear ► _____   |
| ■ nubrado ► _____  | ■ escurecer ► _____ |
| ■ neboento ► _____ | ■ relampar ► _____  |
| ■ caloroso ► _____ | ■ airear ► _____    |
| ■ ventoso ► _____  | ■ apedrar ► _____   |

# Actividades de repaso

1 Imaxina e escribe quen realiza cada acción. Fíxate no número e na persoa do verbo.



- \_\_\_\_\_ fomos pescar.
- \_\_\_\_\_ xoga co seu irmán pequeno.
- \_\_\_\_\_ levan uns zapatos semellantes.
- \_\_\_\_\_ dixo que estaba cansada.



2 Subliña só as formas verbais non persoais, seguindo o código de cores.

	<u>infinitivo</u>	<u>xerundio</u>	<u>participio</u>
caer	arroiaba	nubrado	mollou
conxelarei	brillar	abrigastes	nevando
sarabiando	chove	diluviou	xeado

3 Escribe os nomes dos elementos das imaxes. Fíxate en se deben levar acento diacrítico.




4 Escribe unha palabra derivada a partir de cada unha das seguintes palabras primitivas.

- néboa ▶ \_\_\_\_\_
- chuvia ▶ \_\_\_\_\_
- trono ▶ \_\_\_\_\_

- vento ▶ \_\_\_\_\_
- calor ▶ \_\_\_\_\_
- neve ▶ \_\_\_\_\_

### A lagoa de Cospeito

Hai moito tempo, no lugar que hoxe ocupa a lagoa de Cospeito, existiu unha pequena vila chamada Valverde. A esta vila chegou un mendigo pedindo pousada, pero todas as portas ás que petou se pecharon ao seu paso. Cando xa se retiraba, os habitantes dunha humilde casiña situada nas aforas acollérono e prestáronlle acubillo. O mendigo suplicoulles que lle desen algo de comer, pero a familia era moi pobre e só posuía unha pequena becerra que constituía o seu único sustento. Pese a iso, os moradores da casa decidiron sacrificar o animal para ofrecerlle comida ao pobre home.





Cando remataron de cear, o visitante díxolle aos seus anfitrións que, antes de se deitar, botasen os ósos da becerra no cortello. Malia non entenderen a razón do que lles pedía, eles fixéreronlo. Ao día seguinte, o mendigo espertou a familia a berros, solicitando leite para o almorzo. Eles pensaron que perdera o siso e lembráronlle que o único animal que tiñan sacrificáranlo a noite anterior para darlle de cear. Pero o mendigo respondeu: «Claro que tedes vacas que muxir! Iso é tan certo como que a vila de Valverde quedou asolagada». Abraiados, os donos da casa foron ao cortello e atoparon alí varias vacas. Despois saíron fóra e comprobaron que a vila de Valverde quedara, efectivamente, anegada.

Hai quen di que aquel mendigo era en realidade Xesús Cristo, que andaba polo mundo comprobando a xenerosidade dos homes. Tamén hai quen afirma que, nas noites de San Xoán, se poden escoitar preto da lagoa as badaladas da igrexa de Valverde. E mesmo hai quen asegura ter visto, en épocas de seca, os tellados da vella vila.

**1 Responde as seguintes preguntas sobre o texto.**

- Como se portaron os habitantes de Valverde co mendigo? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
- Quen o acolleu finalmente? \_\_\_\_\_
- Como trataron esas persoas ao pobre home? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
- Cal era a verdadeira identidade do mendigo? \_\_\_\_\_
- Que propósito tiña realmente? \_\_\_\_\_

- 2 Fíxate nas dúas escenas representadas e contesta.



- Quen foi o responsable dos dous sucesos?
- 

- A quen recompensaba ou castigaba con cada un deles?
- 
- 

- 3 Volve escribir cada oración substituíndo as palabras destacadas por outras do texto que signifiquen o mesmo.

- A humilde familia que vivía nunha casiña das aforas **ofreceulle protección** ao mendigo.
- 

- A becerra era o único **medio para subsistir** que tiña a familia.
- 

- Ao oír ao mendigo pedir leite para almorzar, os habitantes da casa pensaron que **tolera**.
- 

- 4 Marca a opción correcta. Cal é o propósito desta lenda?

- Explicar a historia do mendigo que chegou a Valverde.
- Explicar a orixe da lagoa de Cospeito.
- Explicar a historia da desaparecida vila de Valverde.



# O verbo (II)

## LEMBRA

As formas verbais sitúan a acción nun **tempo** determinado (**pasado**, **presente** ou **futuro**), tomando como referencia o momento en que se fala.

O **modo** das formas verbais reflicte a actitude do falante con respecto ao que expresa. Hai tres modos: **indicativo**, **subxuntivo** e **imperativo**.

- 1 Arrodea as formas verbais coa cor que corresponda segundo o tempo que expresan.

pasado

presente

futuro

- Este sábado irei á praia. Ti que farás?
- Nós corremos tres quilómetros todos os días.
- Se queres, vémonos na miña casa.
- Meu pai contoume a que xogaba de pequeno.
- Viches onte o episodio de *Perdidos no espazo*?
- Meu irmán participará na carreira de bicis.

- 2 Escribe oracións para explicar que fan os personaxes en cada momento.



1 Antes, María \_\_\_\_\_

2 Agora \_\_\_\_\_

3 Despois \_\_\_\_\_



1 Onte, Cibrán \_\_\_\_\_

2 Hoxe \_\_\_\_\_

3 Mañá \_\_\_\_\_

**3** Relaciona. Que expresa en cada caso a forma verbal destacada?

Meu pai é o carteiro da vila.

Un feito real

Compra o pan, por favor.

Unha posibilidade

Se **escribises** ben, entenderíante mellor.

Un desexo

Oxalá **chegasen** xa as vacacións!

Unha orde

Dúchate antes de entrar na piscina, Xaime!

**4** Clasifica as formas verbais anteriores de acordo co modo en que están.

Indicativo

---



---



---

Subxuntivo

---



---



---

Imperativo

---



---



---

**5** Marca a forma correcta de expresar cada orde.



- Prohibido fumar.
- Non fumamos.



- Utilizar as papeleiras.
- Utilice as papeleiras.

**6** Escribe unha orde afirmativa e unha orde negativa a partir da imaxe.  
Presta atención ao modo do verbo.

- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_



# A coma

## LEMBRA

Escríbese coma (,) nos seguintes casos:


- Para separar os elementos dunha enumeración.
- Para facer unha aclaración no medio dunha oración.
- Para separar, nunha oración, o nome da persoa a quen nos diriximos.

1 Arrodea as comas que se utilizaron no texto desta mensaxe, seguindo o código de cores.

Enumeración

Aclaración

Nome do receptor



2 Escribe enumeracións para indicar cantas flores hai en cada caso e como son.



- Na primeira xardineira hai tres flores amarelas,

\_\_\_\_\_

■ \_\_\_\_\_

■ \_\_\_\_\_

■ \_\_\_\_\_

■ \_\_\_\_\_

## ORTOGRAFÍA

- 3** Le con atención e separa coas comas necesarias a aclaración que contén cada oración.



■ Luz atopouse con Carla a súa mellor amiga e saíron decontado ao patio.

■ Xurxo que é moi mañoso participará nun concurso de traballos manuais.



■ Vimos a Tomé o mestre de matemáticas cando paseaba co seu can.



- 4** Copia as oracións introducindo onde se indica a aclaración que fai cada rapaz.

■ Viena \* será a cidade onde se celebre o concerto.

---



---



---



Viena é  
a capital  
de Austria.

■ O avó Suso \* deume os parabéns por teléfono no meu aniversario.

---



---



---



O avó Suso  
vive en  
Betanzos.

■ O Museo da cidade \* volveu abrir as súas portas.

---



---




---



O Museo da  
cidade estaba  
en obras.

- 5** Escríbelle unha nota a teu pai ou a túa nai para explicar que telefonaron varias persoas. Non esquezas as comas para separar o nome do destinatario, para as aclaracións e na enumeración.



# O parque acuático. Palabras simples e compostas

1 Forma e escribe os nomes destes elementos do parque acuático.

zona	en espiral	► _____	
piscina	de pícnic	► _____	
área	de vestuarios	► _____	
tobogán	inchable	► _____	
colchón	de ondas	► _____	


2 Completa estas normas cos nomes dos elementos que escribiches na actividade anterior.

**AUCAPARK**

**NORMAS DE COMPORTAMENTO**


- Está prohibido ducharse con xabón en todas as instalacións do parque, excepto na \_\_\_\_\_.
- Só se pode comer e beber na \_\_\_\_\_.
- Está prohibido tirarse de cabeza á \_\_\_\_\_.
- O uso do \_\_\_\_\_ só está permitido na zona de baño libre.
- Queda terminantemente prohibido o descenso de dúas ou máis persoas á vez polo \_\_\_\_\_.

O parque non se fai responsable dos accidentes que se poidan producir como consecuencia do incumprimento destas normas.



## VOCABULARIO

- 3 Escribe oracións cos nomes destes elementos que se usan no parque acuático.



- 4 Explica que cousas che gustan dos parques acuáticos e cales non che gustan. Para facelo, podes utilizar as palabras propostas.

divertido  
perigoso  
egotador  
emocionante  
ruidoso

---



---



---



---



---

- 5 Localiza no texto tres palabras compostas, cópialas e explica o seu significado.

**AQUAPARK** informa aos visitantes de que dispón dun servizo de gardarroupa ata a media noite. Tamén dispoñemos dun servizo de alugueiro de parases, hamacas e chalecos salvavidas para meniños.

- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_

- 6 Marca só as palabras compostas.

- |                                     |                                      |                                     |                                   |                                     |
|-------------------------------------|--------------------------------------|-------------------------------------|-----------------------------------|-------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> sacarollas | <input type="checkbox"/> portaavións | <input type="checkbox"/> malgastar  | <input type="checkbox"/> varredor | <input type="checkbox"/> pararraios |
| <input type="checkbox"/> porteiro   | <input type="checkbox"/> xirasol     | <input type="checkbox"/> azucreiro  | <input type="checkbox"/> piscina  | <input type="checkbox"/> contagotas |
| <input type="checkbox"/> socorrista | <input type="checkbox"/> lavalouza   | <input type="checkbox"/> crebanoces | <input type="checkbox"/> pasamáns | <input type="checkbox"/> cirurxián  |

# Actividades de repaso

10

## 1 Responde empregando verbos en pasado, presente e futuro.

- Que fixeches onte ao saír da escola? \_\_\_\_\_
- Que estás facendo agora? \_\_\_\_\_
- Que farás na fin de semana? \_\_\_\_\_

## 2 Relaciona cada oración co tipo de mensaxe que expresa a súa forma verbal e co modo en que vai.

Traballamos moito.

orde negativa

Oxalá viñese!

feito real

indicativo

Se eu puidese...

desexo

subxuntivo

Non chegues tarde!


orde afirmativa

imperativo

Dámelo, Paulo!

possibilidade


## 3 Escribe unha invitación para unha festa que inclúa unha enumeración.



## 4 Escribe oracións en que aparezan os nomes dos elementos representados.



\_\_\_\_\_



\_\_\_\_\_